



candidato á Alcaldía

JUAN CARLOS PITA

MOVENEDA
MOVIMIENTO VECIÑAL NEDA

**Propostas de gobierno,
#UnGobiernoParaTodos.**

TRANSPARENCIA, BO GOBERNO E PARTICIPACIÓN. Pola recuperación da democracia, a ética política e a participación activa da veciñanza.

- Aplicación do regulamento de participación cidadá. Fomentaremos a participación consciente e informada da veciñanza na xestión municipal, recollendo os avisos de problemas e propostas de solucións.
- Implicación das AA.VV. Nas parroquias como base do funcionamento político do Concello.
- Reunións periódicas nas mesmas con presenza de Concelleir@s.
- As propostas das asociacións de veciñ@s serán debatidas nos Plenos e outros órganos de goberno.
- Loita contra a corrupción e os comportamentos antidemocráticos.
- Publicación das declaracións de bens e retribucións de tod@s @s membros da Corporación.
- Redución das percepcións d@s Concelleir@s. Pago por indemnizacións laborais xustificadas ou outros gastos derivados da súa función de representación.
- Eliminación de postos de confianza, asesorías externas non debidamente xustificadas.
- Plan de transparencia municipal.
 - Publicación periódica da información municipal nun boletín, nos taboleiros e traslado ás AA.VV.
 - Axenda pública dos membros da Corporación Municipal.
 - Grabación de Plenos e publicación na Web do Concello.
 - Cambio de horario de celebración de Plenos para o horario de tarde, para facilitar a asistencia á veciñanza.
 - O Concello aportará información ás AA.VV. de convocatorias e ordes do día dos Plenos, comunicados, actas, boletíns, etc.

ECONÓMICO. Outro sistema é posible

- Modelo económico sostible de pequena escala: Baseado no territorio e a bisbarra, potenciación do cooperativismo, das actividades tradicionais e dos produtos agrícolas e industrias propios do Concello, en produción directa ou transformación de elaborados.
- Apoio e promoción de pequenos produtor@s e artesáns: Creación da Asamblea Municipal de actividade económica, que promocióne os produtos propios e toda a actividade económica radicada en Neda, por exemplo, marca "Pan de Neda".
- Crear unha zona microindustrial e espazos para microempresas. Viveiro de empresas.
- Exención de taxas pola participación en festas e feiras aos empresari@s e particulares domiciliados no Concello.

- Finanzas municipais:
 - Regulamento de orzamentos participativos. A veciñanza ten dereito á información, á colaboración e a decisión sobre os mesmos.
 - A veciñanza participará sobre o control de gastos.
- Auditoría de contas do Concello:
 - Publicación de datos económicos do Concello de xeito claro e accesible para toda a veciñanza, amosando as recadacións, custes, estado de contas, pagos, inversións e estado da débeda municipal, así como os investimentos a realizar.
 - Debate público sobre revisión de taxas municipais.
 - Revisión das contas e contratos municipais. Racionalización do gasto.

VIVENDA E URBANISMO. Un concello acolledor, solidario e sostible.

- Plan Xeral Ordenación Municipal. (PXOM)
 - Nova planificación de áreas residenciais, de servizos comerciais, públicas e de lecer.
 - Subarreiros: nova fachada marítima que potencie o casco histórico. Apertura do casco urbano á ría.
 - Áreas de rehabilitación (Xuvia / Balbís / Casadelos)
 - Medidas para paliar a ausencia de chan edificable mentres non se aprrobe o PXOM.
 - Mellora do entorno do cruce de Xuvia.
- Plan de fomento de aluguer.
 - Creación da Bolsa municipal de vivendas baleiras dispoñibles para o mercado de alugueiro.
 - Estudo da posible bonificación de taxas e impostos para vivendas en alugueiro, e en especial na zona rural.
 - O Concello estudará a posibilidade de garantir as condicións de alugueiro aos propietarios que inclúan a súa vivenda no catálogo municipal.
- Plan de eliminación de barreiras arquitectónicas en rúas e edificios municipais.
- Negociación con Costas, para a conexión do paseo marítimo ata o límite con Fene.

SERVIZOS PÚBLICOS.

- Infraestruturas, instalacións e servizos do Concello.
 - Estudo das instalacións infrautilizadas. Reordenación de usos e servizos. Cesión ás AA.VV. e outras entidades ou asociacións.
 - Plan de mantemento de camiños e vias rurais, co establecemento de dous periodos de desbroce: Na primaveira e ao remate do verán.
 - Mantemento do paseo fluvial e marítimo.
 - Plan plurianual de renovación e unificación de aceras.
 - Dotación de contenedores de recollida selectiva por todo o Concello.
 - Plan municipal de compostaxe.
- Auditoría e mellora dos servizos municipais.
 - Revisión dos baremos de axudas de libros e material escolar, transporte universitario, matrícula escola infantil, así como outras axudas sociais, para que máis xente poida beneficiarse das mesmas.
 - Auga, enerxía, comunicacións, lixo, mantemento, Escola Infantil.
 - Estudo da posibilidade de remunicipalización de servizos actualmente externalizados.
 - Aplicación de políticas de eficiencia enerxética. Iluminación LED e aposta polas enerxías renovables.
 - Remate da negociación co SERGAS para que asuma o mantemento do Centro de Saúde.
 - Creación dun servizo municipal adicado á procura de subvencións públicas e que facilite a súa tramitación á veciñanza.
 - Mancomunado da Policía Local, para conseguir un mellor servizo. Coordinación con outras forzas de seguridade.
 - Aprobación da ordenanza municipal para o cobro ás empresas eléctricas e de gas polo uso do solo público.
 - Mellora do servizo de recollida de lixo. Estudo da posibilidade de mancomunado.
 - Inclusión de cláusulas sociais e medioambientais nos novos contratos que asine o Concello.
 - Aposta en favor do Punto Limpo Mancomunado e promoción do seu uso.
 - Acceso a internet público de calidade.
 - Esixencia do cumprimento do plan de Banda Larga de Galicia 2020, para a instalación de fibra óptica por todo o Concello e acceso vía satélite nas zonas rurais.
 - Plan municipal de capacitación dixital da cidadanía e das empresas.

MEDIO AMBIENTE

- Plan de protección e posta en valor do curso do río Beelle
- Inventario de montes propiedade do Concello, coa súa posta en valor e produtividade.
- Inventariado, protección e posta en valor das manchas de “Fraga Atlántica” do noso Concello.
- Loita contra especies invasoras (Vespa Velutina, “Plumachos” ...)
- Vixianza das labouras de extracción de madeira: Control das mesmas e vixianza do estado dos camiños tras os traballos.
- Control de verquidos incontrolados por todo o Concello.
- Limpeza de marxes e cauces fluviais, nas épocas axeitadas, para evitar danos medioambientais, desbordamentos e pragas indesexadas.
- Vixilancia para o cumprimento da lei de Montes e da Ordenanza Municipal para a loita contra incendios.
- Establecemento dun regulamento de queimas na zona urbana.
- Ordenanza para a regulación do Benestar Animal e Convivencia.

CULTURA e DEPORTE

- Descentralización do programa cultural do Concello achegando actos ás distintas parroquias (teatro, cine, ...)
- Activación de puntos de lectura nos locais das AA.VV.
- Banco de intercambio de libros de texto en colaboración coas AMPAS (libros, videoxogos, ...)
- Plan de Normalización Lingüística en colaboración coa Mesa e a RAG. Aplicación da lei.
- Creación do Catálogo de recursos culturais e arquitectónicos do Concello e dun plan de aproveitamento.
- Plan de deporte municipal:
 - Creación dun Padroado de Deportes
 - Xestión de infraestruturas, potenciación e dotando ás pistas rurais dun plan municipal de usos e implicando ás entidades que as xestionan
 - Fomento do deporte base e dos deportes tradicionais en colaboración con colexios e asociacións.
 - Establecemento de axudas a deportistas do Concello que destaquen nas súas disciplinas.
 - Instalación de unha pista de Pump-track, Skate e Parkur.
 - Amaño da pista polideportiva do Puntal.

EDUCACIÓN

- Recuperación do funcionamento do Consello Escolar Municipal.
- Xestión para a posta en marcha dos servizos de madrugadores e comedor escolar nos centros educativos.

MULLER

- Creación da Concellería da Muller que potencie o asociacionismo feminino e as actividades por e para as mulleres.
- Creación do Centro de Información á muller coas áreas xurídica, psicolóxica de igualdade e recursos (Subvencionada pola Xunta, Secretaría de igualdade).
- Plan de igualdade para a muller (Administración local, Educación, cultura e deporte, Benestar social...)

XUVENTUDE

- Creación do Consello da Xuventude
- Creación dun local de ensaio en edificios do Concello. Sala de grabación.
- Área de ocio para xóvenes.

SOCIAL

- Creación dun programa de vivenda tutelada para maiores.
- Sistema de voluntariado de apoio e supervisión de persoas maiores ou dependentes.
- Creación dun banco de tempo con intercambio de actividades e tarefas.
- Ampliación do servizo de Xantar na Casa.

TURISMO

- Instalación dunha oficina permanente de turismo.
- Remarcado e apertura de rutas de senderismo e cicloturismo
- Área de autocaravanas.
- Plan hostelería e comercio para oferta a camiñantes do Camiño Inglés.

MOVENEDA

MOVIMENTO VECIÑAL NEDA

